

Resolución Núm. 175/2010 de 11 de xuño.

ASUNTO.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE DOCE PEÓNS PARA A LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO E APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN DITA CONTRATACIÓN.

Vista a resolución da Excma. Deputación Provincial da Coruña pola que se concede a subvención solicitada para a Campaña de Limpeza de Praias a levar a cabo neste concello.

Vista que os costes dos traballos a realizar financiaranse entre a Deputación Provincial da Coruña e o propio concello.

Vistas as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e consonte co disposto no artigo 41.14 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo R. d. 2586/1986, do 28 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Contratar a doce peóns , mediante contratación laboral temporal, a media xornada , baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, polo periodo de tres meses , dende a sinatura do contrato e que prestarán os seus servizos no Concello de Ponteceso.

SEGUNDO.- Aproba-las bases que haberán de rexe-la convocatoria para cubri-los postos de limpeza de prais, e que se transcriben como anexo ó presente acordo.

TERCEIRO.- Publica-la convocatoria no taboleiro de anuncios da casa do concello.

ANEXO:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOCE PEÓNS PARA A LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO APROBADAS POR RESOLUCION DA ALCALDIA Nº175 DE 11 DE XUÑO DO 2010.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal a tempo parcial (MEDIA JORNADA), na modalidade de “obra ou servizo determinado”, e utilizando o concurso como sistema de selección, de 12 PEÓNS para a limpeza das praias do Concello de Ponteceso.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E DA XORNADA DE TRABALLO

A duración do contrato será de TRES MESES dende a súa sinatura.

A xornada de traballo será de 20 horas semanais, en horario a determinar pola Alcaldía.

TERCEIRA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos dos aspirantes a esta contratación:

1. Ter cumpridos os 16 anos de idade
2. Estar en posesión do graduado escolar.
3. Ter a nacionalidade española, ser nacional da Unión Europea ou dun país con tratado internacional, segundo o que dispón o artigo 57.3 do Estatuto Básico
4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse o modelo de instancia que encontrase nas oficinas municipais, e deberán presentarse no **Rexistro Xeral do Concello dende o martes día 15 ata o xoves día 24 de xuño de 2010 as 14:00 h.** As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.- Á instancia unirase inexcusablemente:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

3.- Os erros de feito que pudieran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición de interesado.

4.- Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución, aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web.

2.- Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 1 día hábil contado a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na paxina web, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. Convocarase aos membros do Tribunal o **día 25 de xuño, venres as 10:00 h. no Salón de Plenos da Casa do Concello.**

3.- Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interponerse os recursos que teñan lugar en Dereito.

4.- Na mesma resolución o Alcalde ou Concelleiro en quen delegue determinará a composición do Tribunal cualificador, que será igualmente publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador designarao o alcalde e formarán parte del os seguintes membros:

Presidenta: A secretaria do Concello ou funcionario no que delegue.

Secretaria: . (con voz e sen voto). A traductora do Concello ou funcionario no que delegue.

Vocais:

Primero Vocal: O Técnico de Emprego ou persoa no que delegue.

Segundo Vocal: A Animadora Cultural ou persoa na que delegue.

Terceiro Vocal: A Animadora Deportiva ou persoa na que delegue.

O alcalde fará pública a composición do tribunal na mesma resolución na que aproba a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, deberá estar presente a presidenta e a secretaria. De todas as reunións que faga o tribunal a secretaria redactará a acta correspondente.

Os membros do tribunal non poderán intervir e cando concorran algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas, comunicaranllo á autoridade que convoca. Os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos nelas.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, que se limitarán a exercer as súas especialidades técnicas, que serán á única base da súa colaboración co órgano de decisión.

O alcalde, vista a proposta do tribunal, resolverá a contratación.

SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso, coa avaliación de méritos.

Os méritos serán os seguintes:

A.- Antigüidade como desempregado:

- 0.20 puntos por mes de antigüidade inscrito no Servizo Público de Emprego, ata un máximo de 5 puntos.
- Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos, os meses de trinta días.
- Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente expedido polo Organismo correspondente, que permita avaliar a mesma.

B.- Existencia de responsabilidades familiares:

- Por fillos menores de vinteseis anos desempregados, maiores incapacitados ou menores acollidos, 0.10 puntos polo primeiro fillo, 0.15 puntos polo segundo e 0.25 puntos polos seguintes, ata un máximo de 1 punto.

Acreditaranse mediante a presentación dos seguintes documentos (A través de fotocopia compulsada pola secretaria do concello:

- Libro de Familia o que se xuntará segundo os casos:
 - a) Situación de Desemprego: Pola presentación fotocopia da tarxeta de desemprego ou documento acreditativo, ou no seu caso informe de vida laboral.
 - b) Situación de incapacidade: Pola presentación de fotocopia do certificado de calificación de minusvalía.
 - c) Situación de menores acollidos: Xustificante en fotocopia de acollemento legal expedido pola Xunta de Galicia.

C.- Por cónxuge en desemprego:

0,20 puntos por mes de antigüidade inscrito no Servizo Público de Emprego, ata un máximo de 3 puntos.

Non se computarán períodos inferiores a un mes, considerándose, a estes efectos, os meses de trinta días.

Acreditarase pola presentación de fotocopia compulsada pola Secretaría deste Concello da tarxeta de desemprego ou documento acreditativo, ou no seu caso informe de vida laboral.

D.-Pertencencia os colectivos seguintes:

Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, (RISGA).

As persoas desempregadas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero.

Desempregados maiores de 45 parados de longa duración.

Puntuación acadada neste apartado 1 puntos.

OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.- Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- De acordo coa relación, elevarase ó Sr. Alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de designación dos aspirantes aprobados.

3.- Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademáis a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respetando a orda da lista), para calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de peóns. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.- Os aspirantes propostos presentarán nas oficinas xerais do Concello, no prazo de 1 días hábiles, contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos seguintes:

- a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade e demáis méritos alegados ós que se refire a clausula sétima.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ninguna administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- d) Declaración xurada de non estar incurso en ninguna das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

e) Declaración xurada de non incorrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia

2.- A non presentación dentro do prazo no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que pudiese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; tede elo como consecuencia da citada anulación.

DÉCIMA.- DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.- Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.- Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este periodo se a persoa da que se trate o superase satisfatoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.- Que sen causa xustificada non concorrese a formaliza-lo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS.

1.- A aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polo interesado nos casos e do xeito establecido na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.- Para o non previsto nestas Bases, ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; o Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril; e o Real Decreto 364/1995 do 10 de marzo.

Ponteceso, 11 de xuño de 2010

O alcalde.

José Luis Fondo Aguiar.